



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Veterinaria

Curso Académico: 2014-15

Contenido

1. Introducción	2
Estrutura da Facultade de Veterinaria para o Desenvolvemento do SGIC	2
Ámbito de aplicación.....	2
Documentación de referencia.....	2
Composición e funcións da Comisión de Calidade.....	3
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade	5
Vixencia da Política de Calidade.....	5
Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.....	5
Estado do Plan de Melloras para o curso 2014-15.....	5
Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.	6
Procesos, procedementos e documentación do SGIC.	11
Información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas e reclamacións.	11
3. Plan de Melloras do Centro	12
4. Informes de seguimento dos títulos impartidos no Centro	13
ANEXO I.....	14

1. Introducción

A Facultade de Veterinaria é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas da sociedade, sempre coa idea de procurar a excelencia.

Tomando como referencia a política de calidade da USC, a Facultade de Veterinaria elabora a súa política marcándose como principal obxectivo, o desenvolvemento de programas formativos avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

A presente Memoria de Calidade da Facultade de Veterinaria, correspondente ao curso académico 2014-2015, ten sido elaborada pola Comisión de Calidade do Centro seguindo as indicacións da guía facilitada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos.

Estrutura da Facultade de Veterinaria para o Desenvolvemento do SGIC.

Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación do SGIC durante o curso 2014-2015 atangue ás titulacións impartidas no Centro e a todas as persoas da Facultade: alumnado, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos. Os títulos vinculados á Facultade durante o curso 2014-2015 foron:

- Grao en Veterinaria.
- Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria
- Licenciatura en Veterinaria (en extinción).

No caso da Licenciatura en Veterinaria, non se impartiu docencia durante o curso 2014-2015, limitándose a actividade docente á realización de probas de avaliación. É este o penúltimo curso no que se realizaron exames dela, e quedará definitivamente extinguída ao remate do curso 2015-2016.

Polo tanto, os informes de seguimento que se achegan nesta memoria de calidade corresponden ao Grao en Veterinaria e ao Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria.

Documentación de referencia.

Considérase documentación de referencia ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos, e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC), a que se cita a continuación:

- Memoria de Grao en Veterinaria da USC.
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/memorias_graos_USC/Veterinaria.pdf

- Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria
http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/sxopra/propostas_master_09_10/P2111_INV_SANIDADE_VETERINARIA.pdf
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Veterinaria.
<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/normativa/>
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos á Facultade.

Os órganos de goberno, comisións e cargos que interveñen directamente no desenvolvemento do SGIC son o Equipo Decanal, a Comisión de Calidade, a Comisión de Título, a Responsable de calidade do centro e as Coordinadoras dos títulos.

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionados co desenvolvemento do SGIC poden consultarse no *Capítulo 3 do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Veterinaria: Estrutura para o desenvolvemento do SGIC*:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/veterinaria/descargas/Manual_simplificado_SGIC_FacVet_v.03x4-02-2015x.pdf

Composición e funcións da Comisión de Calidade.

Con data 04/02/2015 o Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Manual Simplificado do SGIC da Facultade de Veterinaria, que inclúe a reconfiguración da Comisión de Calidade do Centro.

Membros da Comisión de Calidade:

- Decano/a da Facultade de Veterinaria (presidente/a)
- Responsable de Calidade da Facultade de Veterinaria (RCC, Secretario/a)
- Vicedecana de Ordenación Académica e Estudantes
- Vicedecana de Prácticas Externas e Infraestruturas
- Coordinador/a do Grao en Veterinaria
- Coordinador/a do Máster en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria
- Responsable da Unidade de Apoio á Xestión
- Representante do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo (Presidente/a do Colexio ou quen designe)
- Representante de Alumnos (preferiblemente alumno/a-tutor/a)

Funcións da Comisión de Calidade:

- Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC da Facultade.
- Elaborar a Memoria de Calidade da Facultade, que englobará os distintos informes e memorias (informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras da Facultade para o curso seguinte; informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora, e memoria de seguimento dos títulos que

inclúen as propostas de mellora elaboradas polas correspondentes comisións de título).

Reunións da Comisión de Calidade durante o curso 2014-2015:

Tódalas reunións da Comisión de Calidade foron convocadas mediante a aplicación de xestión que ten posta en uso a USC, e debidamente introducido o seu contido. De acordo con estes rexistros, as actuacións da Comisión durante o curso analizado son as que se indican.

30/10/2014. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- Informe seguimento grao veterinaria 2013-14.
- Accións Mellora 2013-14.pdf.

25/05/2015. Reunión extraordinaria, coa seguinte orde do día:

- Constitución da nova Comisión de Calidade do Centro.
- Aprobación se procede do Plan de Melloras do Máster en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria.

16/10/2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- Aprobación se procede do Borrador do Plan Estratéxico e DAFO 2014-2018 da Facultade de Veterinaria.

20/11/2015. Reunión ordinaria, coa seguinte orde do día:

- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- Aprobación do Informe anual de seguimento do título de Grao en Veterinaria 2014-15.
- Aprobación do Informe anual de seguimento do título de Master Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria 2014-15.

2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

Vixencia da Política de Calidade.

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) conforma un elemento esencial na política e actividades formativas da Facultade. O seu obxectivo básico é garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e a mellora continua dos programas formativos, de xeito que se facilite a acreditación das titulacións e o mantemento da mesma, así como a satisfacción das necesidades e expectativas dos grupos de interese.

O SGIC marco da USC empregado como base para tódolos centros, está deseñado seguindo os modelos da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade (ANECA) e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), e está articulado en 9 criterios e 46 directrices construídos sobre 5 eixes, que se corresponden cos programas AUDIT e FIDES elaborados polas axencias a estes efectos.

Os documentos que configuran o SGIC son o "Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade" e o "Manual de Procesos e Procedementos". Ambos os dous documentos, así como o "Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade", están dispoñibles a través da páxina web da Facultade, no seu epígrafe dedicado ao Sistema de Garantía de Calidade:

<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/calidade.html>

A documentación relativa ao SGIC en vigor durante o curso 2014-2015 recóllese na Secretaría do Centro e nas vicerreitorías competentes relacionadas con cada proceso/procedemento.

Evolución e Grao de cumprimento do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro.

O Plan Estratéxico da Facultade de Veterinaria establece o seu marco temporal no periodo 2014-2018 e queda desenvolvido na Programación Plurianual para o referido período, que se materializa no documento elaborado según o formato F02-PE-02. As accións comprometidas o son para terse acadado ao remate do periodo (2018), ou ben para rematar en cada curso académico ou en cada semestre. Só dúas foron finalizadas no ano 2015, a 2.4.1 e a 2.4.4.

Estado do Plan de Melloras para o curso 2014-15.

As accións de mellora comprometidas (ver informe de seguimento do Grao en Veterinaria 2014-15) para o curso afectado foron todas finalizadas en tempo e forma agás a acción M-24: Elaboración do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro, que está sendo rematada nestes momentos.

O Plan Estratéxico foi elaborado pola CCC e tramitado conforme o establecido no manual do SGIC -Proceso de planificación estratéxica Vet-PE-01-, e finalmente aprobado en Xunta de Facultade do 17 de decembro de 2015.

A Programación Plurianual foi así mesmo elaborada pola Comisión de Calidade do Centro e sometida a aprobación da Xunta de Facultade o 18 de xaneiro de 2016.

Resultados de Indicadores da eficacia dos procesos considerados no SGIC.

Presentamos a continuación o resultado da análise dos indicadores recollidos no SGIC do Centro, correspondentes ao curso académico 2014-2015, comentando os aspectos máis relevantes. Estes indicadores son facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos:

<http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/titulosoficiais/datosgraos.html>

<http://www.usc.es/es/servizos/calidade/titulosoficiais/datosmasteres.html>

Para facilitar a súa visualización, recompílanse os correspondentes á Facultade de Veterinaria nas seguintes táboas. No caso do grao inclúense tanto os do curso analizado como os do anterior xa que ás veces é bo poder observar a evolución temporal

Táboa de indicadores recollidos no SGIC para o Grao en Veterinaria:

Código	Descrición	Valor 2013-14	Valor 2014-15
IN01G-PC-05	Prazas ofertadas	110	110
IN02G-PC-05	Matrícula	464	565
IN03G-PC-05	Matrícula de novo ingreso	124	124
IN04G-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	117	111
IN05G-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	4,46	-5,13
IN06G-PC-05	Nota media de acceso por preinscrición	10,26	10,79
IN07G-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	99,15	100
IN08G-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	2,59	2,48
IN09G-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	43,97	44,60
IN10G-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	98,18	91,82
IN12G-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	106,36	100,91
IN15G-PC-05	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	3,48	4,24
IN17G-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	2,59	3,36
IN18G-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	3,66	6,90
IN19G-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	-	4,39

IN20G-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	3,77	4,05
IN21G-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	-	4,33
IN22G-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	-	100
IN23G-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	3	3
IN24G-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	75,89	75,38
IN25G-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	92,86	94,62
IN26G-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	75,89	75,38
IN30G-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	4,69	4,87
IN31G-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	93,28	89,42
IN32G-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	18,53	17,50
IN33G-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	2,92	2,92
IN34G-S01-PM-01	Taxa de rendemento	74,77	78,01
IN35G-S01-PM-01	Taxa de éxito	80,47	83,82
IN36G-S01-PM-01	Taxa de avaliación	92,92	93,67
IN37G-S01-PM-01	Taxa de graduación	-	-
IN38G-S01-PM-01	Duración media dos estudos	-	5
IN39G-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	-	95,68
IN40G-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	4,08	4,85
IN41G-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	-	-
IN42G-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	2,32	2,32
IN46G-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	3,81	3,82
IN47G-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	3,83	3,70
IN48G-S01-PM-01	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	18,34	29,25

Ingreso

No curso académico 2014-15 ofertáronse 110 prazas, número que permanece invariable dende a creación do título.

O número de solicitudes superou ao de prazas ofertadas, polo que estas completáronse ao 100% xa no terceiro prazo de matrícula a finais do mes de xullo .A matrícula de novo ingreso (IN03G-PC-05) foi de 124 alumnos e a de inicio de estudos (IN04G-PC-05) de 111.

Débase ter en conta a diferenza entre a matrícula de novo ingreso e a matrícula de inicio de estudos, contabilizándose en novo ingreso o alumnado que provén de validación parcial de estudos estranxeiros, traslados ou adaptacións desde plans en extinción. En calquera caso, as diferenzas non son relevantes entre os cursos académicos.

A porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas (IN12-PC-05) é, dun 100,91 % no curso 2014-2015, a taxa do 100% se acada ou supera todos os cursos académicos, o que ven demostrar a demanda da titulación. Esta afirmación pode ser cuestionada polo dato do indicador IN05G-PC-05-Variación da matrícula de inicio de estudos, esta diminución apenas apreciable, é debida a que en caso de empate na última “nota de corte”, débense poder matricular todos os estudantes coa referida cualificación; de aí as pequenas diferenzas dun ano a outro.

O 91,82% de estudantes preinscritos elixiron a nosa Facultade en 1ª opción sobre as prazas ofertadas (IN10G-PC-05). Esta porcentaxe diminuíu ao redor de sete puntos con respecto á do curso 13-14, pero mantense dentro do 90% da media, polo que podemos considerar que este descenso sexa debido a factores conxunturais.

A porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (IN07G-PC-05) foi do 100%, de feito, a nota de corte situouse nun 10,79 con peche das listas na convocatoria de xuño.

En referencia á nota media de acceso por preinscrición (IN06G-PC-05), vemos que hai unha tendencia á alza: no curso de implantación do grao foi de 8,75 subindo de forma progresiva ata un 10,79 para o curso 2014-15 que estamos a analizar

Polo que se refire á procedencia dos alumnos na titulación, dispoñemos dos indicadores (IN09G-PC-05) Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados e o (IN08G-PC-05) Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados. Os datos do primeiro mostran unha boa acollida do título fóra de Galicia xa que a porcentaxe de alumnos alleos nacionais non baixou do 41 % dende a implantación do grao, incrementándose en tres puntos con referencia ao curso 13-14. Pola súa banda, a presenza de alumnos estranxeiros é case que testemuñal, cunha porcentaxe de 2,48% que se mantén estable sen apenas flutuacións

Mobilidade

A porcentaxe de estudantes enviados en programas de mobilidade (IN17-PC-08) case se triplica con respecto ao curso 13-14, quedando nun 3,36% para o curso 2014-2015, fronte ao 0,85% do curso 2012-2013. Constátase un incremento no número de estudantes recibidos en programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08), pasando dun 0,41%

no curso 11-12 a un 6,90% no 14-15. Estas cifras nos fan pensar que o traballo que se esta a facer tanto dende o centro como dende o SRE vai polo bo camiño, e motívanos a seguir co esforzo de captación de estudantes alleos, aínda que é un obxectivo que non depende só de nós.

Prácticas externas

Nesta titulación a realización de varios periodos de prácticas externas é obrigatoria, como se comproba do valor de 100 que acada o indicador (IN22G-PC-09). Isto implica unha importante dificultade para xestionar os convenios e a organización das distintas rotacións que deben afectar a tódolos alumnos do Grao.

Con todo, os indicadores que nos permiten avaliar a calidade nestes períodos (IN19G-PC-09, IN20G-PC-09 e IN21G-PC-09) mostran valores por riba de 4 en cuanto á satisfacción dos axentes implicados: alumnos, titores académicos e titores profesionais nas empresas.

Recursos humanos

Cómpre reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de reposición de efectivos por xubilación e contratación de novo profesorado para cubrir as necesidades docentes.

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total (IN26G-PS-01) amosa unha tendencia descendente e sitúase actualmente no 75,38%, dato preocupante tendo en conta que partimos dun 87,88 no curso de implantación da titulación.

Se analizamos a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total (IN25G-PS-01) a situación non é tan desalentadora: aínda que entre o curso 10-11 e o 12-13 baixou 6 puntos, as porcentaxes dos seguintes anos parecen indicar unha tendencia lixeiramente ascendente, chegando ao 94,62% no curso 14-15.

A porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (IN24G-PS-01) con docencia no título permanece estable flutuando entre o 75 e o 79%, o que reflicte a boa saúde da investigación no centro.

En relación co anterior, cómpre indicar que a relación de estudantes por profesor a tempo completo (IN30G-PS-01) mantense en taxas aceptables, tendo en conta as de outros graos da rama de Ciencias da Saúde. Con todo, debemos estar vixiantes xa que os indicadores mostran curso tras curso unha tendencia á alza, o que podería ir en detrimento da calidade do ensino.

Resultados

Os indicadores sobre resultados ofrecen valores aceptables tendo en conta que neste curso académico graduouse a primeira promoción do título. Estamos a falar de taxas do 95,68% (eficiencia dos titulados), 78,01% (rendemento), 83,82% (éxito) e 93,67% (avaliación). Pola súa banda, a taxa de abandono é moi baixa o que fala da alta vocacionalidade da titulación que sen dúbida debe apuntar a taxas de eficiencia altas en xeral para o título. Debemos aspirar a mellorar sen dúbida, pero os valores permítenos ser optimistas de cara ao futuro.

Os indicadores relativos á satisfacción dos egresados coa información pública (IN23G-PC-12), os servizos (IN23G-PS-03) e a titulación en xeral (IN42G-S01-PM-01) mostran valores moi baixos e sorprende que as cifras para o curso analizado sexan idénticas cas do curso anterior, cando non había ningún egresado aínda xa que a titulación de grao completou o seu derradeiro ano académico precisamente no curso 2014-15 obxecto da presente memoria.

Haberá que esperar a contar cos datos do curso 2015-16 para sabe se houbo erros nas cifras e sobre todo para contar con taxas de participación máis significativas.

Táboa de indicadores recollidos no SGIC para o Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria:

Código	Descrición	Valor 2014-15
IN01M-PC-05	Prazas ofertadas	25
IN02M-PC-05	Matrícula	11
IN03M-PC-05	Matrícula de novo ingreso	11
IN04M-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	11
IN05M-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	175
IN07M-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	100
IN08M-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	18,18
IN09M-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	18,18
IN17M-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	-
IN18M-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	-
IN24M-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	95,83
IN25M-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	100
IN26M-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	85,71
IN30M-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	0,55
IN31M-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	9
IN32M-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	9,09
IN33M-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	-
IN34M-S01-PM-01	Taxa de rendemento	95,45
IN35M-S01-PM-01	Taxa de éxito	100
IN36M-S01-PM-01	Taxa de avaliación	95,45
IN37M-S01-PM-01	Taxa de graduación	75
IN38M-S01-PM-01	Duración media dos estudos	1
IN39M-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	100
IN41M-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	25
IN46M-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	4,74
IN47M-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	4,12
IN48M-S01-PM-01	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	36,36

Procesos, procedementos e documentación do SGIC.

O emprego do SGIC no funcionamento da facultade de veterinaria prodúcese a medida que temos que completar etapas e rematar tarefas pedidas dende a ACMP.

Cómpre recoñecer que a poítica de calidade é unha forma de afrontar o traballo que aínda non está todo o asimilada que debería. Os usuarios a perciben máis como un atranco no seu labor ou unha perda de tempo, xa que non ven vantaxes inmediatas.

Porén na xestión do centro, resulta una ferramenta moi útil xa que permite afrontar a necesaria protocolización de tarefas. Con todo, moitos dos procedementos semellan demasiado complexos, cunha multitude de axentes implicados e trámites a cumprir que, as veces, non é posible seguir.

Gustaríanos poder dedicar máis tempo porque estamos convencidos de que obteríamos moitas melloras no día a día, pero a ausencia de persoal dedicado a esta importantísima parcela fai imposible que, cunha dedicación compartida, cheguemos a saber exactamente onde estamos cada vez que temos que afrontar o emprego do manual.

Nos procedementos de elaboración da programación plurianual e do plan estratéxico, modificamos os formularios para adaptalos ao que realmente necesitabamos. Máis aló diso, poucos cambios podemos apuntar.

Información relativa á satisfacción dos grupos de interese, queixas e reclamacións.

Actualmente temos un formulario na web para comunicación de incidencias:

<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/incidencias.html>

Así mesmo, no apartado da “Guía do estudante”, hay unha ficha informativa para informar sobre diversas opcións de resolución de conflitos ou dúbidas relativas ás materias (pódese descargar):

<http://www.usc.es/gl/centros/veterinaria/mapa.html>

Queda pendente organizar o procedemento de rexistro de queixas e reclamacións que, sobre as cuestións propias da facultade, recibe e resolve o Decano ou o equipo decanal. Esta actuación queda recollida na acción de mellora AM-FV-13 proposta para o curso 2015-16.

3. Plan de Melloras do Centro

Ver anexo I ao final do documento (páxinas 14 e seguintes).

4. Informes de seguimento dos títulos impartidos no Centro

Informe anual de seguimento do Grao en Veterinaria 2014-2015

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/veterinaria/descargas/Informe_Seguimiento_Grado_Veterinaria_2014-15.pdf

Informe anual de seguimento do Máster Universitario en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria 2014-2015

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/centros/veterinaria/descargas/Informe_Seguimiento_Master_Vet_IMSV_2014-2015.pdf

ANEXO I

Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Usuario responsable Todos

Tipo acción Acción de mellora

Accións Pendentes

Estado Todos **Orixe acción** Todas

ID	Orixe	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixe	Fin Previsto	Rematada
AM-FV-1	Informe de Seguimento	Promover a realización de cursos de formación do PDI en estratéxias docentes	Activa	M ^a Izaskun Iburguren Arizeta			30/09/2016	
AM-FV-2	Informe de Seguimento	Fomento/generalización da aplicación, información e cumprimento das normas de autoprotección durante a realización das actividades formativas. O decanato iniciará un proceso de concienciación, institución e obriga de cumprimento das normas de autoprotección en todas as actividades formativas	Activa	Germán Santamarina Pernas			30/09/2016	
AM-FV-3	Informe de Seguimento	Elaboración dun novo Regulamento de Réximen Interno da Facultade de Veterinaria	Activa	José María Alonso Meijide			30/09/2016	
AM-FV-4	Informe de Seguimento	Solicitar a incorporación dun novo posto base para a unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Veterinaria	Activa	Ana Pérez Vázquez			30/09/2016	
AM-FV-5	Informe de Seguimento	Conversión do espazo que foi sala de exposicións, nunha segunda sala de reunións e videoconferencia	Activa	Germán Santamarina Pernas			30/09/2016	
AM-FV-6	Informe de Seguimento	Reorganización da actual aula de informática 3 para: o redefinir o espazo efectivo útil da aula no que verdadeiramente úsase, o deixar vía libre desde o vestíbulo á saída de emerxencia, o gañar dous despachos/sitios para eventuais necesidades de ubicación administrativa, para seguir coa reorganización do PAS asignado ao Centro en adecuación á reforma das unidades de apoio a Xestión de Centros e departamentos que está a promover a Xerencia da USC	Activa	Germán Santamarina Pernas			30/09/2016	
AM-FV-7	Informe de Seguimento	Aumento da memoria dos ordenadores das aulas de informática de docencia, engadindo discos duros de 240 MB a 40 equipos instalados nas Aulas 1 e 3 de Informática. Con esta acción de mellora pretendemos disminuir o tempo de arranque dos equipos debido aos necesarios protocolos de seguridade establecidos, e para que o tempo de prácticas sexa tempo real	Activa	Marta Inés Miranda Castañón			30/09/2016	
AM-FV-8	Informe de Seguimento	Adquisición e instalación de pantallas informativas no pabellón central e no aulario	Activa	Germán Santamarina Pernas			30/09/2016	
AM-FV-9	Informe de Seguimento	Adquisición e instalación de taquillas para os alumnos no aulario, e sistemas de seguridade	Activa	Patricia Fernández de Troconiz Revuelta			30/09/2016	
AM-FV-10	Informe de Seguimento	Propone a creación de links/formularios na páxina da Facultade para antigos estudantes da Facultade de	Activa	Patricia Fernández de Troconiz Revuelta			30/09/2016	

ID	Orixen	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixe	Fin Previsto	Rematada
AM-FV-10	Informe de Seguimento	Veterinaria de Lugo. Alí se lles pediría información sobre a súa traxectoria laboral. O obxectivo e establecer un vínculo entre a Facultade e os egresados, ao tempo que obter información que permita unha retroalimentación positiva cara ao enfoque práctico das materias	Activa	Patricia Fernández de Troconiz Revuelta			30/09/2016	
AM-FV-11	Informe de Seguimento	Solicitar actividades formativas relacionadas co uso das TIC que estean adaptadas ás necesidades do Centro, e fomentar a participación do profesorado	Activa	M ^a Izaskun Iburguren Arizeta			30/09/2016	
AM-FV-12	Informe de Seguimento	Fomentar, coa colaboración da xerencia, a asistencia do PAS do Centro ás actividades e cursos do Plan de Formación de PAS da Universidade, especialmente aqueles relacionados coas novas ferramentas da administración electrónica	Activa	Ana Pérez Vázquez			30/09/2016	
AM-FV-13	Informe de Seguimento	Artellar según o establecido no manual do SGIC (Proceso Vet-PM-04) o sistema de recollida das suxerencias, queixas e reclamacións máis directamente relacionadas coa actividade desenvolvida no Centro e analízalas con axilidade para buscar as solucións máis axeitadas en tempo e forma. Manter un rexistro de tódalas actuacións levadas a cabo en relación coas incidencias recibidas, e os efectos derivados delas.	Activa	Patricia Fernández de Troconiz Revuelta			30/09/2016	
AM-FV-14	Informe de Seguimento	Capacitar e implicar ao PAS -en colaboración coa xerencia- no deseño, implementación, xestión e mantemento da páxina web institucional do Centro	Activa	Germán Santamarina Pernas	Ana Pérez Vázquez		30/09/2016	

ACCIÓN: AM-FV-1

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable M^a Izaskun Iburguren Arizeta

Análise da(s) causa(s) A adecuación ao sistema de educación no EEUU precisa novas ferramentas docentes que os profesores deben mellorar, actualizar e mesmo aprender

Descrición da proposta Promover a realización de cursos de formación do PDI en estratexias docentes

Activa

ACCIÓN: AM-FV-2

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Germán Santamarina Pernas

Análise da(s) causa(s) Certas actividades formativas en veterinaria, particularmente clases interactivas, esixen un máximo rigor no cumprimento das normas de autoprotección por parte de profesores e alumnos para minimizar os riscos de accidentes

Descrición da proposta Fomento/generalización da aplicación, información e cumprimento das normas de autoprotección durante a realización das actividades formativas. O decanato iniciará un proceso de concienciación, institución e obriga de cumprimento das normas de autoprotección en todas as actividades formativas

Activa

ACCIÓN: AM-FV-3

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable José María Alonso Meijide

Análise da(s) causa(s) O vixente Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Veterinaria é do ano 1987 polo que é preciso modificalo para adaptalo á normativa universitaria vixente a nivel estatal e galego e aos estatutos da USC, así como para incluír as comisións e outros cargos de xestión que xa están a traballar na facultade e que foi necesario crear

Descrición da proposta Elaboración dun novo Regulamento de Réximen Interno da Facultade de Veterinaria

Activa

ACCIÓN: AM-FV-4

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Ana Pérez Vázquez

Análise da(s) causa(s)

A Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Veterinaria sofre unha desproporcionada carga de traballo.

A sección de asuntos económicos xestiona aproximadamente 3000 facturas ano.

A xestión Académica do Grao en Veterinaria, ademais dos Traballos Fin de Grao e prácticas externas coma no resto dos graos, debe asumir a xestión das 2 materias obrigatorias de Prácticas Tuteladas que supoñen un total de 19 créditos ECTS.

O número de alumnos matriculados no grao xustifican aínda máis a necesidade deste novo posto base, tendo en conta que ademais ocúpase da xestión do Master adscrito ó Centro.

Descrición da proposta

Solicitar a incorporación dun novo posto base para a unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade de Veterinaria

Activa

ACCIÓN: AM-FV-5

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Germán Santamarina Pernas

Análise da(s) causa(s) O centro non dispón dunha sala adecuada para a reunión de comisións, consellos de departamento, e outras actividades similares, dotada con instalacións propias como videoconferencia, canón de proxección, etc...

Descrición da proposta Conversión do espacio que foi sala de exposicións, nunha segunda sala de reunións e videoconferencia

Activa

ACCIÓN: AM-FV-6

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Germán Santamarina Pernas

Análise da(s) causa(s) A reforma das unidades de apoio a Xestión de Centros e departamentos que está a promover a Xerencia da USC supón unha reorganización do Persoal de Administración e Servizo nas suas actividades e disposición física. Precísase adecuar novos espazos para eventuais necesidades de ubicación e uso administrativo

Descrición da proposta Reorganización da actual aula de informática 3 para:
o redefinir o espacio efectivo útil da aula no que verdaderamente úsase,
o deixar vía libre desde o vestíbulo á saída de emerxencia,
o gañar dous despachos/sitios para eventuais necesidades de ubicación administrativa, para seguir coa reorganización do PAS asignado ao Centro en adecuación á reforma das unidades de apoio a Xestión de Centros e departamentos que está a promover a Xerencia da USC

Activa

ACCIÓN: AM-FV-7

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Marta Inés Miranda Castañón

Análise da(s) causa(s) O envellecemento dos ordenadores das aulas de informática que se empregan para a docencia precisa actuacións eficientes que permitan alongar a súa vida útil en condicións axeitadas

Descrición da proposta Aumento da memoria dos ordenadores das aulas de informática de docencia, engadindo discos duros de 240 MB a 40 equipos instalados nas Aulas 1 e 3 de Informática. Con esta acción de mellora pretendemos disminuir o tempo de arranque dos equipos debido aos necesarios protocolos de seguridade establecidos, e para que o tempo de prácticas sexa tempo real

Activa

ACCIÓN: AM-FV-8

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Germán Santamarina Pernas

Análise da(s) causa(s) A Facultade de Veterinaria non dispón na actualidade de ningún monitor ou Panel informativo para a difusión de anuncios e información diversa para alumnos, PAS e PDI

Descrición da proposta Adquisición e instalación de pantallas informativas no pabellón central e no aulario

Activa

ACCIÓN: AM-FV-9

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Patricia Fernández de Troconiz Revuelta

Análise da(s) causa(s)

Os alumnos de veterinaria precisan acudir ás clases con diverso material que teñen que empregar en diferentes clases prácticas (batas, botas, material de exploración clínica...)

Considérase necesario a creación de taquillas en aulas co fin de que os alumnos podan guardar sus materiais de maneira segura

Descrición da proposta

Adquisición e instalación de taquillas para os alumnos no aulario, e sistemas de seguridade

Activa

ACCIÓN: AM-FV-10

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Patricia Fernández de Troconiz Revuelta

Análise da(s) causa(s)

Para a realización do actual Informe de seguimento non pudimos analizar os resultados dos egresados do Grao en Veterinaria por non dispoñer de datos, e tivémonos que remontar aos únicos datos dispoñibles que se corresponden cos datos publicados polo Ministerio de Educación sobre os Licenciados en Veterinaria no curso 2009-2010

Descrición da proposta

Proponse a creación de links/formularios na páxina da Facultade para antigos estudantes da Facultade de Veterinaria de Lugo. Alí se lles pediría información sobre a súa traxectoria laboral. O obxectivo é establecer un vínculo entre a Facultade e os egresados, ao tempo que obter información que permita unha retroalimentación positiva cara ao enfoque práctico das materias

Activa

ACCIÓN: AM-FV-11

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable M^a Izaskun Ibarguren Arizeta

Análise da(s) causa(s)

Existe a necesidade de constante adquisición de habilidades no uso das TIC por parte do PDI
É preciso promover o uso do Campus Virtual, e implementar ferramentas adaptadas ás necesidades das nosas titulacións

Descrición da proposta

Solicitar actividades formativas relacionadas co uso das TIC que estean adaptadas ás necesidades do Centro, e fomentar a participación do profesorado

Activa

ACCIÓN: AM-FV-12

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Ana Pérez Vázquez

Análise da(s) causa(s)

É necesario incentivar ou motivar a formación continuada do PAS para adaptarse ás novas competencias derivadas da transformación tecnolóxica a ás necesidades cambiantes do Centro.
O Servizo de Planificación e Programación de Persoal de Administración e Servizos ten establecido un Programa de formación específico para adquirir e mellorar as competencias de xestión e apoio á docencia necesarias para el exercicio profesional dos membros deste sector

Descrición da proposta

Fomentar, coa colaboración da xerencia, a asistencia do PAS do Centro ás actividades e cursos do Plan de Formación de PAS da Universidade, especialmente aqueles relacionados coas novas ferramentas da administración electrónica

Activa

ACCIÓN: AM-FV-13

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Patricia Fernández de Troconiz Revuelta

Análise da(s) causa(s) A presentación de reclamacións diante da OAR da Universidade é o procedemento máis pertinente e efectivo para a maioría das situacións, agás aquelas directamente relacionadas coa actividade propia da facultade

Descrición da proposta Artellar según o establecido no manual do SGIC (Proceso Vet-PM-04) o sistema de recollida das suxerencias, queixas e reclamacións máis directamente relacionadas coa actividade desenvolvida no Centro e analízalas con axilidade para buscar as solucións máis axeitadas en tempo e forma.
Manter un rexistro de tódalas actuacións levadas a cabo en relación coas incidencias recibidas, e os efectos derivados delas.

Activa

ACCIÓN: AM-FV-14

Sistema de xestión Facultade de Veterinaria

Finalización do proceso previsto 30 Setembro 2016

Tipo Acción de mellora

Orixe da acción Informe de Seguimento

Responsable Germán Santamarina Pernas

Responsables do seguimento Ana Pérez Vázquez

Análise da(s) causa(s) Falta de persoal dedicado ao mantemento da páxina web como sistema de información pública

Descrición da proposta Capacitar e implicar ao PAS -en colaboración coa xerencia- no deseño, implementación, xestión e mantemento da páxina web institucional do Centro

Activa